



## 2. Control sobre a información da cadea alimentaria (ICA)



### Documento principal

INTRODUCCIÓN

RESPONSABILIDADES

- dos operadores das explotacións gandeiras
- do operador económico do matadoiro

SUPERVISIÓN VETERINARIA (SVO) DA ICA

CADRO DE DECISIONS



## | 2. INTRODUCCIÓN

A chegada dos animais aos establecementos de sacrificio exige que a empresa realice un rigoroso control sobre a identificación, documentación, condicións de estabulación, presentación de rexistros, etc. Este é un aspecto fundamental e necesario para os posteriores ditames veterinarios e o mantemento da rastrexabilidade.

Os principios orientadores da Información da Cadea Alimentaria (ICA) consisten na transmisión da información relevante dos animais dende o operador económico da empresa alimentaria de orixe (granxa) ata o operador de destino (matadoiro) co fin de cumprir os obxectivos que establecen os regulamentos do paquete de hixiene. Así mesmo a ICA debe achegar información ao veterinario oficial para a realización dos controis oficiais para ditaminar a aptitude para o consumo humano da carne. Os operadores das explotacións gandeiras están obrigados a levar rexistros sobre as medidas aplicadas para controlar os perigos de maneira adecuada e poñer esta información a disposición das autoridades competentes e dos operadores de matadoiro, constituíndo esta a ICA. O operador do matadoiro para xestionar a ICA deberá establecer un procedemento baseado nos principios do APPCC que lle permita avaliar adecuadamente esta información. Para tal fin deberá deseñar e implantar un procedemento da ICA, incluíndoo no procedemento operativo de hixiene, sexa no Plan de provedores ou de forma independente, onde se describa o obxectivo, o responsable, os procedementos de execución, vixilancia, accións correctoras e verificación, así como os rexistros. Este procedemento debe permitir ao operador comprobar que a información recibida desde as explotacións de orixe dos animais contén todos os datos, é válida e fiable.

**A ICA é obrigatoria para todos os animais de produción destinados a matadoiros , incluíndo os procedentes doutros países**



## 2.1- RESPONSABILIDADES E OBRIGAS

### 2.1.1 Responsabilidades e obrigas dos operadores das explotacións gandeiras:

- A ICA garante que en 48 horas non houbo alteracións relevantes, esta é a validez da mesma, e debe vir firmada polo posuidor do animal nas últimas 48 horas sexa o gandeiro, o tratante, o responsable dunha feira (por exemplo no caso dun traces) ou o mesmo matadoiro se os animais permanecen varios días nas cortes.
- Proporcionar ao operador do matadoiro a ICA. Achegar a ICA xunto co resto da documentación de acompañamento dos animais .  

A ICA debe acompañar aos animais ao matadoiro agás naqueles supostos que poidan provocar unha alteración do normal funcionamento deste, como por exemplo, animais procedentes de campaña de saneamento gandeiro (CSG) con resultados dubidosos ou positivos, de explotacións con restricións de movemento por residuos ou incidencias de identificación, etc.
- En calquera caso no que a explotación estea suxeita a restricións de movemento, a ICA debe ser subministrada ao operador do matadoiro, e por parte deste ao SVO con antelación, mínimo de 24 horas.
- Presentarase a ICA firmada por aqueles operadores responsables que presenten os animais ao sacrificio nas últimas 48h. Nesta ICA, achegarase toda a información relevante dos animais nos últimos 30 días por exemplo os tratamentos recibidos.



### 2.1.2 Responsabilidades e obrigas do operador económico do matadoiro (OE):

- Aceptar só animais que presenten a ICA , ,
- Trasladar ao SVO a proposta de sacrificio diaria.
- Comunicar ao SVO todo tipo de incidencias en relación coa ICA así como as medidas adoptadas.
- Subministrar ao SVO todos os documentos complementarios preceptivos (certificados, pasaportes, Documentos de traslado de animais vivos, etc).
- Xestión da ICA integrándoa no procedemento APPCC (Análise de Peligros y Puntos Críticos de Control).
- No caso de que os animais permanezan no matadoiro varios días, presentarse a ICA das últimas 48h antes do sacrificio, con toda a información relevante dos últimos 30 días.

## 2.2- SUPERVISIÓN VETERINARIA (SVO) DOCUMENTAL DA ICA

### 2.2.1 Revisión do contido da ICA:

Previamente ao sacrificio dos animais, o SVO, debe supervisar a información achegada polo operador económico sobre a cadea alimentaria (ICA) como principio básico de garantía e inocuidade alimentaria, dende a granxa ata o matadoiro. A ICA terase en conta polo SVO tanto durante o proceso de inspección ante mortem (IAM) e post mortem (IPM) como na toma de decisións. Se o animal foi tratado no último mes debe acompañalo a copia da receita veterinaria que ampara o dito tratamento.

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/PNIR-Anexos>

[https://vetmaga.sergas.es/Contidos/Documents/57/Instruccion\\_TRACES\\_Inspectores\\_mataderos.pdf](https://vetmaga.sergas.es/Contidos/Documents/57/Instruccion_TRACES_Inspectores_mataderos.pdf)



## 2.2.2 Comunicación de incidencias SVO

- O SVO comunicará ao OE as decisións adoptadas en relación tanto coas incidencias comunicadas polo OE como coas propiamente detectadas durante o control oficial. Calquera información da ICA que poida causar unha modificación importante da actividade do matadoiro comunicarse sen demora ao responsable do matadoiro.
- Se como resultado da inspección pónense de manifesto incidencias relevantes (enfermidade ou estado de saúde que poida afectar á saúde pública, á sanidade animal ou poñer en perigo o benestar dos animais) que sexa preciso comunicar ao Servizo de Sanidade Animal ou á explotación de orixe dos animais, procederase a redactar unha acta coas irregularidades detectadas.

<b>RESPONSABILIDADES SOBRE A ICA</b>	
<b>Posuidor dos animais</b>	<b>Achegar e firmar</b>
<b>Matadoiro</b>	<b>Recibir, comunicar e tomar medidas</b>
<b>Servizo Veterinario Oficial</b>	<b>Supervisar, considerar e decidir</b>



## 2.3- CADRO DE DECISIÓNS



### DOCUMENTACIÓN - INFORMACIÓN DE LA CADENA ALIMENTARIA ICA

INCUMPRIMENTOS	ADOPCIÓN DE MEDIDAS	COMUNICACIÓN	REGISTRO
Non se dispón da información pertinente sobre a cadea alimentaria.	<p>Non permitir o sacrificio ata recibir a información pertinente. Acta de inmovilización dos animais, con notificación de animais deficientemente identificados ou documentados, na que se lle concede prazo razoable para emendar a deficiencia. (Operador do matadoiro)</p> <p>Se as non conformidades se corríxen, comprobárase que o animal é apto para sacrificio para consumo, ou que o estado de carnes é adecuado</p>	<p>Se pasado o prazo, persiste a mesma situación, redactarase acta + informe e enviarase á Xefatura de Zona xunto coa acta de notificación ao operador, para inicio de expediente.</p> <p>A partir deste intre as decisións sobre os animais corresponden ao instrutor do expediente. O instrutor do expediente comunicará a resolución ao Servizo Veterinario Oficial para que este a execúte</p>	<p>Acta + informe a Xefatura de Zona</p> <p>Acta das actuacións finais Semaga</p>
ICA incorrecta, pero non afecta á saúde pública ou á sanidade animal.	<p>Non permitir o sacrificio ata recibir a información pertinente. Pódese permitir o sacrificio quedando intervido o canal e desposos á espera da información para a decisión final (Indicar na acta).</p>	<p>Operador do matadoiro.</p> <p>Acta de comunicación ao matadoiro na que se indiquen as medidas de intervención e o requirimento da información correcta. Medidas de intervención ata a subsanación</p>	<p>Actas Semaga</p>
Ainda existindo irregularidades na ICA o Operador do Matadoiro non as detecta ou non as comunica ao SVO.	<p>Non permitir o sacrificio ata recibir a información pertinente. Pódese permitir o sacrificio quedando intervido o canal e desposos á espera da información para a decisión final (indicar na acta).</p> <p>Se o incumprimento e reiterado - Acta comunicación á XT</p>	<p>Operador do matadoiro.</p> <p>Acta de comunicación ao matadoiro na que se indiquen as medidas de intervención e o requirimento da información correcta. Medidas de intervención ata a subsanación Dpto Territorial . Acta por incumprimento reiterado</p>	<p>Actas Semaga</p>
REVISIÓN - OUTRAS	ADOPCIÓN DE MEDIDAS	COMUNICACIÓN	REGISTRO
Os documentos revelan ou establecen a sospeita de que aos animais se lle puideron administrar substancias prohibidas ou non se respectaron os períodos de espera terapéuticos	<p>Cualificaranse como animais sospeitosos. O sacrificio de estes animais realizarase por separado ao final da xornada Toma de mostras PNIR e inmovilización do canal e vísceras.</p> <p>Acta de toma de mostras</p> <p>Acta de intervención cautelar PNT PNIR</p>	<p>Operador do matadoiro. Mediante acta de toma de mostras do PNIR</p> <p>Xefatura Territorial para o envío de mostras Coordinador PNIR</p>	<p>Acta toma de mostras.</p> <p>Acta de inmovilización cautelar.</p>
Cando do contido da ICA se sospeite sobre o estado de saúde dos animais con posibles repercusións para a saúde pública, sanidade animal ou benestar animal.	<p>Sacrificio por separado e ao final da xornada. Lévese a cabo un control oficial pormenorizado da partida antemortem e postmortem. En función do resultado dos controis, ditaminase a aptitude para o consumo</p>	<p>En función dos resultados da inspección, á Xefatura Territorial para que informe á autoridade competente de supervisar a explotación</p>	<p>Semaga</p>
Cando os animais permanecen varios días nos currais do matadoiro	<p>Terase que achegar un novo ICA asinado polo responsable do matadoiro no que declare o estado de saúde dos animais nos días que permaneceron nos establos do matadoiro e se os animais foron tratados neste período de espera.</p>	<p>Operador do matadoiro.</p>	<p>Semaga</p>

[https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/47/Documentacion\\_ICA.pdf](https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/47/Documentacion_ICA.pdf)